

ESTUDO DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO DAS REDEIRAS GALEGAS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
Dirección Xeral de Relacións Laborais



Edita

Federación Galega de redeiras artesás O Peirao

Financia

Xunta de Galicia

Consellería de Traballo

Dirección Xeral de Relacións Laborais

Textos e fotografías

Equipo técnico de Ardora Formación e Servizos, S. Coop. Galega:

- ✕ Purificación Alfonso Riveiro
- ✕ María Ortega Iñarrea
- ✕ Ana Isabel Pérez López
- ✕ Teresa Rivas Grande

Agradecementos

Quixeramos expresar o noso agradecemento a todas as redeiras que colaboraron na aportación de datos para a elaboración do presente estudo. A todas elas vai adicado.



**Estudio das Condicións de Traballo
das Redeiras Galegas**

Informe de resultados

A redeira abre as palmas

Quere amosar as fendas

Poema de amor, María do Cebreiro

Alma de Beiramar, 2003

ÍNDICE

ÍNDICE DE TÁBOAS	3
ÍNDICE DE GRÁFICOS	4
1. INTRODUCCIÓN	5
2. METODOLOXÍA.....	6
2.1 Ficha técnica.....	6
2.2 Distribución territorial da mostra.....	8
3. CARACTERIZACIÓN DA ACTIVIDADE PROFESIONAL.....	9
3.1 Perfil da poboación activa do sector.....	9
3.2 Situación sociolaboral.....	11
4. SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL.....	17
4.1 Lugares de traballo.....	17
4.2 Carga de traballo.....	22
4.3 Organización do traballo.....	26
4.4 Nivel de satisfacción.....	28
4.5 Roupas de traballo e equipos de protección individual.....	30
4.6 Factores de risco de accidente.....	31
4.7 Doenzas e patoloxías asociadas á actividade.....	34
5. NECESIDADES DE MELLORA.....	37
6. CONCLUSIÓNS	39
7. POSIBLES LIÑAS DE ACTUACIÓN	42
8. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS.....	43

INDICE DE TÁBOAS

Táboa 1. Distribución segundo portos de actividade	8
Táboa 2. Xénero	9
Táboa 3. Distribución por idades	9
Táboa 4. Media, moda e desviación típica de idade	9
Táboa 5. Nivel de estudos	10
Táboa 6. Media, moda e desviación típica de anos traballados como redeira	11
Táboa 7. Certificacións que posúe para traballar de redeira	12
Táboa 8. Outras certificacións	12
Táboa 9. Artes menores	13
Táboa 10. Réxime da Seguridade Social	15
Táboa 11. Tipo de relación laboral	15
Táboa 12. Sistema de remuneración	16
Táboa 13. Espazo no que realiza a actividade	17
Táboa 14. En caso afirmativo, con que frecuencia traballa fóra da súa localidade?	19
Táboa 15. Cando traballa fóra da súa localidade, as condicións do posto de traballo son	19
Táboa 16. Temperatura do posto de traballo no verán	20
Táboa 17. Temperatura do posto de traballo no inverno	20
Táboa 18. Condicións de humidade	21
Táboa 19. Nivel de ruído	21
Táboa 20. Cal é o seu horario habitual?	23
Táboa 21. Postura habitual de traballo	23
Táboa 22. Nivel de atención requirido no traballo	26
Táboa 23. Formación necesaria para o desempeño do traballo	27
Táboa 24. Equipos de protección individual	30
Táboa 25. En caso afirmativo, que melloras introduciría?	37
Táboa 26. Outras cuestións a mellorar relacionadas co traballo	38

INDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1. Situación xeográfica dos portos visitados.....	8
Gráfico 2. Anos que leva traballando de redeira	11
Gráfico 3. Posúe algunha certificación que a habilite para traballar como redeira?.....	11
Gráfico 4. Artes que traballa.....	13
Gráfico 5. Ten algunha relación laboral cosa armadores cos que traballa?	15
Gráfico 6. Nivel medio de ingresos mensuais	16
Gráfico 7. Realiza a actividade de redeira fóra da súa localidade?.....	19
Gráfico 8. Manipula produtos nocivos no seu posto de traballo?	22
Gráfico 9. Cantos meses traballa ao ano?.....	22
Gráfico 10. Cantos días traballa á semana?	22
Gráfico 11. Cantas horas traballa ao día?	22
Gráfico 12. Nos últimos 3 meses a cantidade de traballo que tivo foi.....	23
Gráfico 13. No seu traballo, a postura utilizada pode producir fatiga?	24
Gráfico 14. No seu traballo, realiza movementos repetitivos?	25
Gráfico 15. No seu traballo, realiza pausas ou descansos?	25
Gráfico 16. No seu posto de traballo, manipula cargas?	25
Gráfico 17. Qué peso teñen as cargas?	25
Gráfico 18. O seu traballo resúltalle monótono?	26
Gráfico 19. Pode planificar o seu traballo con tempo suficiente?.....	26
Gráfico 20. O seu traballo, permítelle aplicar os seus coñecementos e capacidades?	27
Gráfico 21. Cales son os aspectos, por orde de importancia, que pode elixir no seu traballo?.....	27
Gráfico 22. No seu traballo, pode ausentarse do seu posto cando o necesita?.....	28
Gráfico 23. Cómo son as relacións coas compañeiras de traballo?.....	28
Gráfico 24. Cómo ve a situación das redeiras en Galicia?.....	28
Gráfico 25. Por qué cre que é mala a situación do sector?	29
Gráfico 26. Por qué cre que é boa a situación do sector?	29
Gráfico 27. Utiliza equipos de protección individual?.....	30
Gráfico 28. Risco de accidente no posto de traballo	31
Gráfico 29. Causa dos riscos de accidente	32
Gráfico 30. Accidentes nos tres últimos anos.....	31
Gráfico 31. O traballo afecta á súa saúde?	32
Gráfico 32. Recoñecemento médico no últimos dous anos	32
Gráfico 33. Consultas ao médico no último ano	32
Gráfico 34. Consultas ao médico relacionadas co traballo.....	32
Gráfico 35. Ten realizado algún curso de prevención de riscos laborais?.....	33
Gráfico 36. Zona do corpo con molestias	33
Gráfico 37. Patoloxías asociadas ao posto de traballo	34
Gráfico 38. Necesidade de introducir melloras	36

1. INTRODUCCIÓN

A Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao, constituída en setembro de 2004, ten entre os seus obxectivos acadar a dignificación da profesión das redeiras artesás, a visibilización do sector, e a mellora das condicións de traballo e laborais das súas traballadoras e traballadores.

A análise dos factores de risco que poden desencadear tanto accidentes como enfermidades profesionais é de vital importancia para coñecer a influencia que o traballo de redeira pode ter na saúde. Por outro lado, poder documentar as patoloxías sufridas polo colectivo das redeiras sería unha boa ferramenta de cara a un futuro recoñecemento das súas enfermidades profesionais.

O Estudo das condicións de traballo das redeiras galegas, formulado cun marcado carácter estratéxico, pretende contribuír a orientar unha actuación de apoio e promoción da prevención de riscos laborais no sector da reparación e montaxe de redes e aparellos de pesca. Neste sentido, realiza unha prospección da realidade laboral da actividade das redeiras artesás a fin de establecer unha diagnose de situación en relación coa seguridade e saúde laboral deste colectivo. En función deste obxectivo xenérico, derívanse os seguintes, máis específicos:

- ✗ Realizar unha descrición da situación sociolaboral das redeiras.
- ✗ Describir as características da poboación activa do sector.
- ✗ Caracterizar o posto de traballo da redeira artesá.
- ✗ Realizar unha descrición dos factores de risco derivados da actividade laboral, e máis concretamente:
 - Identificar os factores de risco debidos ás condicións de seguridade.
 - Identificar os factores de risco debidos ás condicións medioambientais.
 - Identificar os factores de risco debidos á carga de traballo e condicións psicosociais.
 - Coñecer as principais enfermidades e accidentes sufridos polas redeiras no desempeño do seu traballo.
- ✗ Trazar as liñas de acción pertinentes para eliminar os riscos ou minimizar aqueles que non se poidan eliminar.
- ✗ Favorecer a difusión dos contidos do estudo mediante a elaboración de informes en linguaxe clara, sintética, gráfica e empregando soportes que poidan ser consultados a través da rede e de forma dinámica.

2. METODOLOXÍA

2.1 Ficha técnica.

× Universo

Está configurado polo número de redeiras artesás que se adican á actividade de maneira profesional. Tómase como referencia o número de redeiras dadas de alta na Seguridade Social, que ascende a 1000 redeiras en toda Galicia (Consellería de Innovación e Industria, 2007: 3) aínda que compre ter en conta que segundo algúns documentos existen “preto de tres mil persoas que traballan na confección e reparación de redes empregadas nas diferentes artes de pesca, das cales o 70% son mulleres” (Consellería de Innovación e Industria, 2007: 3).

× Tamaño da mostra

194 redeiras. A mostra de redeiras representa o 19,4% da poboación. Segundo Fox (1987:394-395), tendo en conta a mostra aceptante e a produtora de datos neste estudo, podemos afirmar que a mostra é representativa xa que todas as redeiras invitadas aceptaron participar no estudo, e ademais non foi necesario invalidar ningún caso xa que todas participaron ofrecendo datos válidos.

× Tipo de mostraxe

Realizouse unha mostraxe non probabilística intencional. A selección das unidades de análise fíxose a través das entidades organizativas do sector, isto é, das asociacións que conforman a Federación Galega de Redeiras Artesás, a fin de facilitar a súa localización. Neste caso o 84,5% das redeiras incluídas no estudo pertencían a asociacións que formaban parte da Federación Galega de Redeiras Artesás. Este tipo de mostraxe intencional constitúe unha estratexia non probabilística válida para a recolección de datos, en especial para mostrax pequenas e moi específicas como é o caso que nos ocupa.

× Metodoloxía e técnica de estudo

A metodoloxía utilizada foi de tipo descritiva. Este tipo de metodoloxía é a máis adecuada tendo en conta o tipo de información que se quere recoller, pois nos servirá para describir as condicións de traballo das redeiras galegas. Dentro da metodoloxía descritiva escolleuse a enquisa como método idóneo, concretamente a enquisa por cuestionario xa que é de grande utilidade para obter datos descritivos e nos permitiu obter información clara sobre a experiencia persoal, social e laboral das redeiras.

× Realización do traballo de campo

O traballo de campo foi realizado entre o 30 de agosto e o 24 de setembro do 2008 nos seguintes portos de Galicia pertencentes ás tres provincias costeiras: A Guarda, Cangas, Portonovo, Cambados, Aguiño, Porto do Son, Portosín, Laxe, Malpica, Lorbé, Cedeira, Cariño e Burela. As redeiras foron entrevistadas no seu lugar de traballo.

× Análise de datos

Os datos obtidos a través do cuestionario foron sometidos a unha análise co Programa Estatístico SPSS 13.0. Fíxose unha análise estatística descritiva.

2.2 Distribución territorial da mostra.

A continuación indícase a distribución territorial da mostra:

Táboa 1. Distribución segundo portos de actividade

	Número de unidades	
	N	%
A Guarda	11	5,7
Cangas	23	11,9
Portonovo	9	4,6
Cambados	15	7,7
Aguiño	3	1,5
Porto do Son	16	8,2
Portosín	12	6,2
Laxe	4	2,1
Malpica	28	14,4
Lorbé	10	5,2
Cedeira	23	11,9
Cariño	22	11,3
Burela	18	9,3
Total	194	100,0

No seguinte mapa amósase a situación xeográfica destes portos:



Gráfico 1

3. CARACTERIZACIÓN DA ACTIVIDADE PROFESIONAL

3.1 Perfil da poboación activa do sector

Táboa 2. Xénero

	Frecuencia	Porcentaxe
Home	0	0,0
Muller	194	100,0
Total	194	100,0

A totalidade das persoas entrevistadas son mulleres. Aínda que hai homes que exercen o oficio de montaxe e reparación de redes de xeito profesional, a práctica totalidade ocúpase de redes de arrastre, mentres que as mulleres adícanse ao cerco e ás artes menores.

Táboa 3. Distribución por idades

	Frecuencia	Porcentaje
Menos de 20 anos	1	0,5
De 21 a 30 anos	2	1,0
De 31 a 40 anos	27	13,9
De 41 a 50 anos	80	41,2
De 51 a 60 anos	69	35,6
De 61 a 65 anos	14	7,2
Mais de 65 anos	1	0,5
Ns/Nc	0	0,0
Total	194	100,0

Táboa 4. Media, moda e desviación típica de idade

	Anos
Media	49,10
Moda	47
Desviación Típica	8,4

Observamos que a idade media das redeiras está perto dos 50 anos, o que indica un alto peso do colectivo de maior idade fronte a escasez de incorporacións de xente nova. Por outra parte, a porcentaxe de redeiras menores de 30 anos apenas acada o 1,5%.

Non se observan diferencias significativas en canto á distribución por idades nos distintos portos visitados.

Táboa 5. Nivel de estudos

	Frecuencia	Porcentaxe
Sen estudos	45	23,2
Estudos primarios rematados	132	68,0
Estudos secundarios	2	1,0
Bacharelato	9	4,6
FPI (Ciclo Medio)	4	2,1
FPII (Ciclo Superior)	2	1,0
Universitarios	0	0,0
Ns/Nc	0	0,0
Total	194	100,0

Dúas de cada tres redeiras presenta estudos primarios rematados. O segundo grupo en importancia é o das persoas sen estudos -23,2%-, seguido, neste orde, polas que cursaron bacharelato, ciclo medio de formación profesional, estudos secundarios e ciclo superior de formación profesional. O grupo de persoas con estudos universitarios é inexistente.


Analizando os datos en función da idade, case a metade das redeiras sen estudos concéntrase na franxa comprendida ente os 51 e 60 anos, mentras que as persoas con maior nivel de estudos – bacharelato e segundo ciclo de formación profesional pertencen ao grupo entre 31 e 50 anos.

3.2 Situación sociolaboral

Táboa 6. Media, moda e desviación típica de anos traballados como redeira

Anos	
Media	23,6
Moda	20
Desviación Típica	12,7

análise dos datos relativos á experiencia laboral das redeiras caracterízase por unha dilatada traxectoria profesional, como se pode apreciar nos valores das medias de referencia -superiores aos 23 anos-.



Por outra parte, o gráfico 2 reflicte unha alta variabilidade en relación cos anos de actividade: non aparece unha franxa clara con respecto á antigüidade no oficio.

Gráfico 2

Actualmente non se impartiron aínda os módulos formativos para a obtención do certificado de profesionalidade de redeira, a pesar de que xa está publicada a cualificación profesional correspondente –Confección e mantemento de artes e aparellos- no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

Posúe algunha certificación que a habilite para traballar como redeira?




Gráfico 3

Non obstante, existen dous cursos de formación profesional ocupacional que, ata o de agora, suplen esa carencia, impartidos pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos:

- ✖ Curso Atadeira -100 horas-
- ✖ Construcción e reparación de artes e aparellos de pesca -200 horas-

Prácticamente tres de cada catro persoas entrevistadas manifestan estar en posesión dalgún tipo de certificación que as habilita para o exercicio da súa actividade. Na realidade, só un 64% das redeiras que consideran ter esta certificación cursaron ben o Curso de atadeira, ou o de Construcción e reparación de artes e aparellos, englobados na táboa nº 12 como formación profesional ocupacional. O 35% restante asistiron a diferentes accións formativas relacionadas, ou non, coa aprendizaxe do oficio de redeira. Por exemplo, os cursos de formación de formadores, de profesora de redes e de certificado de mariscador, non deberían estar considerados como certificacións habilitantes para o desempeño do oficio. Existe, pois, certo grado de confusión ao respecto entre o colectivo de redeiras.

Táboa 7. Certificacións que posúe para traballar de redeira

	Recuento	% de fila
Formación profesional ocupacional	92	64,3%
Outras	50	35,0%
Ns/Nc	1	0,7%
Total	143	100,0%

Táboa 8. Outras certificacións

	Si	%
Cursiño de iniciación e perfeccionamento de redeira	1	0,7
Formador de formadores de redeiras	5	3,5
Certificado asociación de redeiras A Coruña	4	2,8
Certificado de atadeira - especialidade palangre e/ou cerco	1	0,7
Diploma de artesán	21	14,7
Certificado cofradía - redeira artesá	1	0,7
F.P. II - pesca	13	9,1
Curso elaboración de artes menores e cerco	1	0,7
Título profesora de redes	2	1,4
Certificado de mariscador	1	0,7

Artes que traballa




Gráfico 4

Tres de cada catro redeiras dedícanse ás artes menores. En segunda posición aparecen as artes de cerco, cun 37,6% das redeiras entrevistadas que as traballan. Ao palangre dedícanse un 13,4% e o arrastre é unha arte minoritaria, menos dun 3% das redeiras o traballan.

Táboa 9. Artes menores

	Si	%
Miños	87	60,8
Betas	71	49,7
Gatas	34	23,8
Rascos	113	79,0
Trasmallos	87	60,8
Volantas	96	67,1
Bou	5	3,5
Nasas	13	9,1
Rapeta	4	2,8
Bolicho	6	4,2
Xeito	3	2,1
Butrón	2	1,4
Volantillas	20	14,0




Cabe sinalar que a maioría das redeiras non se adican exclusivamente a un tipo de aparello: no caso das artes menores soen traballar varias, e é frecuente a combinación de cerco con artes menores, ou palangre con artes menores. Entre as artes menores destacan como máis frecuentes os rascos, cun 79% das redeiras que traballan artes menores, seguidos das volantas -67,1%-, os miños e os trasmallos -60,8%, ámbolos dous-. Por outra parte, o promedio de artes diferentes traballadas polas persoas que montan e reparan artes menores é de catro.

Con respecto á distribución territorial, o cerco trabállase principalmente nos portos de Cangas, Cambados, Portosín, Malpica e Portonovo. O palangre destaca en Burela, onde é a arte traballada por un maior número de redeiras, e tamén ten unha presenza significativa en Malpica. As artes menores están representadas, en maior ou menor medida, en todos os portos visitados. Son as artes máis traballadas en Malpica, Cedeira, Cariño, Porto do Son, A Guarda, Lorbé, Laxe, Aguiño e Portonovo. O cerco, pola súa parte, é a arte máis traballada en Cangas, Cambados e Portosín. Por último, o arrastre, como xa se indicou anteriormente, é un arte minoritaria e só é traballada por algunha redeira de Cambados, Cangas e Burela.



Deste xeito, facendo unha distribución das artes máis traballadas por portos, teríamos:



Táboa 10. Réxime da Seguridade Social

	Frecuencia	Porcentaxe
Réxime Especial do Mar	191	98,5
Réxime Especial de Autónomos	3	1,5
Ns/Nc	0	0,0
Total	194	100,0

A situación laboral da práctica totalidade das redeiras entrevistadas é de alta no Réxime Especial do Mar. Non se atopou ningún caso de afiliación ao Réxime Xeral da Seguridade Social.

Ten algunha relación laboral cos armadores cos que traballa?




Gráfico 5

Táboa 11. En caso afirmativo, cal é a súa relación laboral?

	Frecuencia	Porcentaxe
Traballadora por conta allea	2	1,0
Traballadora por conta propia	17	8,8
Ns/Nc	0	0,0
Total	13	9,8

A maioría das redeiras non teñen unha relación laboral cos armadores cos que traballan e, nos contados casos en que isto acontece, a relación laboral que se establece habitualmente é a de traballadora por conta propia.

Táboa 12. Sistema de remuneración

	Frecuencia	Porcentaxe
Por hora	43	22,2
Por peza rematada	95	49,0
Por salario (día ou mes)	41	21,1
Por hora e por peza	8	4,1
Outros	7	3,6
Ns/Nc	0	0,0
Total	194	100,0

O sistema de remuneración máis frecuente é por peza rematada, a prezo fixo, situación na que se atopan aproximadamente a metade das redeiras entrevistadas. A segunda opción de cobro, en porcentaxes similares, é, ben por hora ou ben por por salario –sexa diario ou mensual–.

Facendo unha análise do sistema de cobro por arte traballada, atopamos que, no caso das artes menores e palangre o sistema habitual é por peza rematada, mentras que en cerco cóbrase máis habitualmente unha cantidade fixa á hora, ou ben un salario diario ou mensual.

Máis da metade das redeiras entrevistadas -59,8%- non acada o salario mínimo interprofesional. Non atopamos diferencias significativas con respecto ao nivel de ingresos entre os distintos portos, nin tampouco unha relación directa entre a arte traballada e o nivel de ingresos. Do mesmo xeito, a experiencia non parece ser aval para a obtención de maiores ingresos.




Gráfico 6

4. SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

Neste capítulo abordaremos os aspectos máis significativos que teñen relación coa seguridade e saúde laboral das redeiras galegas: características dos lugares de traballo, carga de traballo, sistema organizativo, factores de risco de accidente, e dolencias e patoloxías asociadas ao exercicio da actividade profesional.

4.1 Lugares de traballo

Con respecto aos lugares de traballo, estudamos as características do espazo físico, o ambiente térmico –temperatura e humidade-, niveis de ruído e manipulación de produtos nocivos. Consideráronse tamén as variables de iluminación e vibracións. En relación coa iluminación dos lugares de traballo, cabe sinalar que, nas situacións nas que o traballo se desenvolve ao aire libre, as horas de luz diurna van condicionar a duración da xornada laboral, polo que será máis duradeira no verán que no inverno. Por outra parte, consideramos que non se trata dun posto de traballo que estea sometido a vibracións.

Os resultados do estudo acerca das variables que condicionan o ambiente térmico –temperatura e humidade do posto de traballo-, así como os niveis de ruído do posto de traballo están baseadas nas apreciacións das redeiras entrevistadas. Son, por tanto, percepcións subxectivas. Actualmente estase levando a cabo un estudo das condicións de temperatura, humidade e nivel de ruído nos distintos postos de traballo.

Espazos de traballo

Táboa 13. Espazo no que realiza a actividade

	Frecuencia	Porcentaxe
Ao aire libre no peirao	30	15,5
Na casa	68	35,1
Nunha nave ou galpón	74	38,1
Ao aire libre e nun galpón/casa conxuntamente	21	10,8
En función do traballo	1	0,5
Ns/Nc	0	0,0
Total	194	100,0



Os principais lugares de traballo onde as redeiras realizan a súa actividade son, por este orde, nunha nave, na casa e ao aire libre no peirao. Existe un escaso marxe diferencial entre a porcentaxe de redeiras que traballa nunha nave ou na casa. Cabe sinalar que, a pesar de que na última década foron construídas naves para redeiras nos distintos portos visitados, un número considerable de persoas aínda traballa ao aire libre no peirao ou ben alterna o traballo a cuberto co traballo ao aire libre -15,5% e 10%-, respectivamente, coas consecuencias que isto conleva para a saúde e confortabilidade das traballadoras. Separando os resultados por artes, observamos que no caso das traballadoras do cerco esta porcentaxe aumenta ata un 68,5%. Precisamente, todas as traballadoras que traballan alternativamente a cuberto ou no peirao traballan o cerco, e todas, excepto unha, das que traballan exclusivamente ao aire libre no peirao, tamén se adican a esta arte.

Facendo unha análise por portos, o traballo ao aire libre ou alterno aire libre/a cuberto, predomina en Cangas, Cambados, Porto do Son e Portonovo, é dicir, nas zonas onde o cerco ten un alto peso na actividade. Hai que ter en conta que son artes de maior tamaño e peso, difíciles de manexar, e que non todas as naves están equipadas con maquinaria que permita a súa manipulación e traslado. Por outra parte, dado o alto prezo destas artes, é habitual que cada embarcación conte, ao sumo, con dúas unidades, polo que normalmente apremia o seu arranxo. Estes dous factores, falta de maquinaria en condicións, e urxencia, provoca que se traballe ao aire libre en moitas situacións nas que sería posible facelo a cuberto.



Realiza a actividade de redeira fóra da súa localidade?




Gráfico 7

Táboa 14. En caso afirmativo, con que frecuencia traballa fóra da súa localidade?

	Frecuencia	Porcentaxe
Unha vez á semana	6	3,1
Unha vez ao mes	1	0,5
Varias veces ao mes	15	7,7
Esporadicamente	26	13,4
Ns/Nc	1	0,5
Total	49	25,3

Táboa 15. Cando traballa fóra da súa localidade, as condicións do posto de traballo son:

	Frecuencia	Porcentaxe
Mellores que as habituais	2	1,0
Similares ás habituais	25	12,9
Peores que as habituais	22	11,3
Ns/Nc	2	1,0
Total	49	25,3

Unha de cada catro traballadoras ten traballado fóra da súa localidade, normalmente de xeito esporádico. Cando esto acontece, as condicións de traballo nas outras localidades soen ser similares ou peores que as habituais. Normalmente trátase de redeiras que se desprazan a reparar algunha avaría en redes de cerco.

Ambiente térmico

Táboa 16. Temperatura do posto de traballo no verán

	Frecuencia	Porcentaxe
Boa	55	28,4
Mala por calor	135	69,6
Mala por frío	2	1,0
Ns/Nc	2	1,0
Total	194	100,0

Táboa 17. Temperatura do posto de traballo no inverno

	Frecuencia	Porcentaxe
Boa	51	26,3
Mala, por calor	9	4,6
Mala, por frío	133	68,6
Ns/Nc	1	0,5
Total	194	100,0

Un alto porcentaxe das redeiras entrevistadas considera que a temperatura do seu posto de traballo é inaxeitada, tanto no inverno como no verán. Estas porcentaxes mantéñense para os distintos lugares de traballo, é dicir, máis dun 68,0% das persoas que traballan tanto a cuberto como ao aire libre manifestan pasar frío no inverno e calor no verán. No caso das naves habilitadas para o seu traballo, soen ser espazos amplos, de altos teitos, nos que o illamento térmico é defectuoso.

Táboa 18. Condicións de humidade

	Frecuencia	Porcentaxe
Moi húmido	62	32,0
Húmido	75	38,7
Axeitado	55	28,4
Seco	2	1,0
Ns/Nc	0	0,0
Total	194	100,0

O alto nivel de humidade é unha das características principais do posto de traballo da redeira, dada a natureza do mesmo. Un 70,7% das entrevistadas opina que o seu posto é húmido ou moi húmido. Por artes, esta característica é máis notoria nas artes de cerco, na que a maioría dos traballos consisten na reparación de avarías en redes que veñen do mar e, por tanto, están molladas.

Niveis de ruído

Táboa 19. Nivel de ruído

	Frecuencia	Porcentaxe
Moi baixo	3	1,5
Baixo	16	8,2
Aceptable	152	78,4
Alto	18	9,3
Moi alto	5	2,6
Ns/Nc	0	0,0
Total	194	100,0

O nivel de ruído no posto de traballo é percibido polas redeiras como aceptable, baixo ou moi baixo nun 88,1% dos casos. Pola contra, un 11,9% considera que o ruído resúltalle molesto, por acadar niveis altos ou moi altos. Existe unha relación directa entre o lugar de realización da actividade e os niveis de ruído, de xeito que son as persoas que traballan ao aire libre no peirao, ou alternativamente ao aire libre e a cuberto as que manifestan en maior medida estar expostas a maiores niveis de ruído, derivado principalmente do funcionamento dos motores das embarcacións.

Manipula produtos nocivos no seu posto de traballo?




Gráfico 8

Aínda que a maioría das redeiras non manipula produtos nocivos, un 4,2% si o fai, e nun 2,1% dos casos estes produtos carecen de etiqueta. Nalgúns casos, sospeitan sobre a natureza dos materiais que forman parte da composición dalgúns tipos de flotadores. O cheiro que desprenden é tan forte que, nalgúns casos, chegan a provocar dores de cabeza e mareos ás redeiras que os manipulan.

4.2 Carga de traballo

Neste capítulo avaliaremos os factores de carga física e mental relativos ao posto de traballo das redeiras. Entre outros, abordaremos o tempo de traballo efectivo, horarios, posturas, pausas, posibilidade de ausentarse do posto de traballo e nivel de atención requirido por parte da actividade. O perfil tipo do posto de redeira, con respecto ao tempo de traballo, é o dunha persoa que traballa máis de nove meses ao ano, cinco días á semana, de sete a oito horas, en horario de xornada partida.

Cantos meses traballa ao ano?




Gráfico 9

Cantos días traballa á semana?




Gráfico 10

Cantas horas traballa ao día?




Gráfico 11

Non obstante, existe un 40% das redeiras que traballan menos de nove meses ao ano, e un 32,5% o fai catro ou menos días por semana. Con respecto ao número de horas diarias, un 15% ten xornada reducida, mentras que un 27% prolonga a súa xornada máis de 8 horas diarias.

Táboa 20. Cal é o seu horario habitual?

	Frecuencia	Porcentaxe
Xornada continua	19	9,8
Xornada partida de mañán e tarde	169	87,1
Horarios rotativos	4	2,1
Outros	1	0,5
Ns/Nc	1	0,5
Total	194	100,0

Con respecto á cantidade de traballo nos últimos meses, catro de cada dez entrevistadas está traballando por baixo das súas posibilidades, mentras que un 11% atópase cunha carga excesiva.

Nos últimos tres meses, a cantidade de traballo que tivo foi




Gráfico 12

Táboa 21. Postura habitual de traballo

	Frecuencia	Porcentaxe
De pé	82	42,3
Sentada	101	52,1
Depende do traballo: de pé e sentada	11	5,7
Ns/Nc	0	0,0
Total	194	100,0



As posturas habituais de traballo para as redeiras son, sentadas ou de pé. A primeira opción é maioritaria, cun 52,1% dos casos, pero seguida a tan só dez puntos pola segunda. Algunhas persoas que se dedican a varias artes adoptan as dúas posturas, dependendo do traballo que estean a facer en cada momento.

Nalgunhas ocasións, as redeiras empregan instrumentos que axudan a tensar o pano, co fin de facilitar a execución do traballo.



A maioría das persoas entrevistadas manifesta sentir fatiga, principalmente de tipo muscular e visual, derivada do exercicio do seu traballo.

No seu traballo, a postura utilizada pode producir fatiga?




Gráfico 13

O traballo da reparación e montaxe de redes e aparellos resulta un compendio de movementos repetitivos que se realizan durante a xornada laboral, desde os empregados para encher as agullas coas que se cosen as redes, ata os propios movementos que sirven para reparar as avarías ou para unir os panos coas trallas.

No seu traballo, realiza movementos repetitivos?




Gráfico 14

No seu traballo, realiza pausas ou descansos?




Gráfico 15

Apenas tres de cada dez redeiras realiza pausas durante a xornada laboral. Por artes, as traballadoras do cerco son as que menos paran, só un 7,3% realiza descansos. Pola contra, as traballadoras de artes menores son as que descansan en maior medida -56,4%-. Este feito pode estar relacionado co sistema de remuneración, posto que no cerco é maioritariamente por hora, mentras que nas artes menores soe ser por peza rematada.

No seu posto de traballo, manipula cargas




Gráfico 16

Que peso teñen as cargas?




Gráfico 17

Practicamente a totalidade das redeiras manipula cargas durante a súa xornada laboral. Nun 71% dos casos, estas cargas superan os 25 Kg de peso, mentras que nun 24% oscilan de 15 a 25 Kg. Apenas nun 5% dos casos en que levantan cargas, o peso das mesmas non supera o recomendado para as mulleres -15 Kg-.



Táboa 22. Nivel de atención requirido no traballo

	Frecuencia	Porcentaxe
Moi alto	88	45,4
Alto	63	32,5
Moderado	43	22,2
Baixo	0	0,0
Moi baixo	0	0,0
Ns/Nc	0	0,0
Total	194	100,0

O nivel de atención requirido para o desempeño do traballo é considerado alto ou moi alto nun 77,9% dos casos. En ningún caso é considerado baixo ou moi baixo, e só un 22,2% das persoas entrevistadas opina que é moderado.

O seu traballo, resúltalle monótono?




Gráfico 18

Un 45% das redeiras considera que o seu traballo resulta, polo menos ás veces, monótono. Este factor, xunto co alto nivel de atención requirido para o desempeño das tarefas e aqueloutros ligados á organización do traballo, son as principais variables que inciden na alta carga mental do traballo das redeiras.

4.3 Organización do traballo

Consideramos como aspectos relativos á organización do traballo que inciden na seguridade e saúde laboral das redeiras o grao de planificación e control sobre as tarefas a realizar, o ritmo de traballo, a duración da aprendizaxe e adaptación ao posto, o nivel de cooperación e relación coas compañeiras.

Pode planificar o seu traballo con tempo suficiente?




Gráfico 19

A planificación e organización previa do traballo é unha das asignaturas pendentes do colectivo. Un 87% das redeiras traballa segundo lle van chegando os encargos, non teñen capacidade para organizar o traballo a medio prazo. Isto provoca que teñan períodos de alta actividade nos que teñen dificultades para cumprir cos encargos, alternos con outros de escasa ou nula carga de traballo. Por artes, as redeiras que arman palangre son as que poden planificar en maior medida o seu traballo –un 61,5% das 26 entrevistadas manifestan poder facelo con tempo suficiente-.

Táboa 23. Formación necesaria para o desempeño do traballo

	Frecuencia	Porcentaxe
Non se necesita ningunha formación	2	1,0
Coa práctica é suficiente	32	16,5
É necesaria unha formación especializada	158	81,4
Ns/Nc	2	1,0
Total	194	100,0

Con respecto ao grao de formación e especialización necesario para o exercicio da actividade, a meirande parte das redeiras cren que o seu é un traballo para o que se require ter unha formación especializada.

O seu traballo, permítelle aplicar os seus coñecementos e capacidades?




Gráfico 20

En relación ao grao de aplicación dos coñecementos e capacidades no traballo, un 93% das redeiras considera que pode facelo moito ou bastante, o que inflúe positivamente no nivel de satisfacción coa actividade.

Cales son os aspectos, por orde de importancia, que pode elixir no seu traballo?




Gráfico 21

Con respecto á toma de decisións no posto de traballo, os dous aspectos sobre os que as redeiras teñen maior capacidade de elección son o ritmo de traballo e a duración e distribución das pausas, neste orden.

No seu traballo, pode ausentarse do seu posto cando o necesita?




Gráfico 22

Un 85,6% das redeiras pode ausentarse do seu posto de traballo cando o necesita. O feito de que exerzan como traballadoras por conta propia facilita este feito.

A meirande parte das redeiras considera que as súas relacións coas compañeiras de traballo son satisfactorias –boas ou moi boas, nun 84% dos casos-. Un 11% das entrevistadas traballa en solitario, e só un 5% manifesta certo grao de descontento ao respecto.

Como son as relacións coas compañeiras de traballo?




Gráfico 23

4.4 Nivel de satisfacción

Existe unha clara percepción negativa entre o sector acerca da súa propia situación laboral: un 92% das redeiras considera que é mala, e só un 5% pensa que é boa ou positiva.

Como ve a situación das redeiras de Galicia?




Gráfico 24

Por que cre que é mala a situación do sector?




Gráfico 25

Con respecto ás causas desta mala situación, as redeiras apuntan, nesta orde, a falta de apoio institucional ao sector, o intrusismo laboral, a diminución das expectativas de traballo e a merma dos ingresos como razóns principais.

Por que cre que é boa a situación do sector?




Gráfico 26

Pola súa parte, as escasas traballadoras que consideran que a súa situación laboral é boa, sinalan, na súa maioría, a mellor organización actual do sector. Todas as redeiras que manifestan que a situación actual é boa adícanse ás artes menores.

4.5 Roupas de traballo e equipos de protección individual

Utiliza equipos de protección individual?




Gráfico 27

Dúas de cada tres redeiras manifesta utilizar equipos de protección individual no exercicio do seu traballo. Déstas, a meirande parte empregan roupa de auga – chaqueta e/ou saia- e luvas. As botas de auga e o mandil de plástico aparecen en terceiro e cuarto lugar, respectivamente. Por último, destaca a escasez de equipos de protección destinados a evitar sobreesforzos, como faixas lumbares e correas para os pulsos.



Táboa 24. Roupas de traballo e equipos de protección individual

	Frecuencia	%
Roupa de auga	51	1,8
Botas de auga	16	3,1
Correas para os pulsos	8	6,6
Luvas (neopreno, coiro, plástico, algodón...)	49	0,2
Faixa	4	3,3
Mandil de plástico	11	9,0
NS/NC	4	3,3

4.6 Factores de risco de accidente

Neste capítulo abordaremos os factores de risco de accidente máis significativos do posto de traballo das redeiras, as principais causas destes riscos, a incidencia neste colectivo de accidentes de traballo nos últimos tres anos e a relación entre a actividade laboral e a saúde. Outras cuestións que se tratarán son aspectos médicos como a realización de revisións do estado de saúde e a cantidade de consultas a facultativos derivadas do exercicio da súa profesión. Por último abordarase a asistencia das redeiras a cursos de prevención de riscos laborais.




Gráfico 28

O principal factor de risco asociado á actividade laboral das redeiras son os sobreesforzos, debido fundamentalmente ao mantemento da mesma postura durante toda a xornada laboral e á manipulación e ao transporte de aparellos. Os cortes e os pinchazos, as caídas de persoas ao mesmo nivel, a exposición ao frío e ao calor e a caída de obxectos son outros dos factores de risco sinalados polas redeiras como causantes de accidentes.





Realizando unha análise da información por artes traballadas, non se observan diferenzas significativas na primeira opción sinalada, pero sí na segunda, xa que as traballadoras do cerco mencionan a exposición ao frío e ao calor como o segundo factor de risco de accidente en lugar dos cortes e pinchazos. Probablemente, a causa reside novamente no maior grado de exposición á intemperie durante a xornada laboral que se produce entre as traballadoras desta arte.

Causa dos riscos de accidente




Gráfico 29

As redeiras sinalan como causa principal dos riscos de accidentes os sobreesforzos, seguido da postura de traballo utilizada, o cansancio, a temperatura do lugar de traballo e o ritmo de traballo.

Accidentes nos tres últimos anos




Gráfico 30



Máis da metade das redeiras enquisadas sufriron nos últimos anos algún accidente de traballo.

O traballo afecta a súa saúde




Gráfico 31

Recoñecemento médico nos últimos dous anos




Gráfico 32

A maioría das redeiras pensan que o traballo está afectando a súa saúde. Nembargantes, pouco máis da metade das redeiras se someteron a un recoñecemento médico nos últimos dous anos.

Consultas ao médico no último ano




Gráfico 33

Consultas ao médico relacionadas co traballo




Gráfico 34

No último ano, a maioría das redeiras -90%- tivo que asistir ao médico como consecuencia dalgunha doenza ou enfermidade. O 79% das redeiras que sí asistiron a consulta médica considera que estes problemas de saúde estaban relacionados directamente co traballo, e nun 36% dos casos o número de visitas foi superior a tres.

Ten realizado algún curso de prevención de riscos laborais?




Gráfico 35

Tres de catro redeiras afirman non ter realizado ningún curso de prevención de riscos laborais, o que indica a existencia dunha importante laguna formativa en materia de seguridade e saúde laboral neste colectivo.

4.7 Doenzas e patoloxías asociadas á actividade

Neste capítulo identificaremos as zonas do corpo onde se localizan as principais molestias e patoloxías asociadas ao posto de traballo das redeiras.

Zona do corpo con molestias




Gráfico 36

As principais partes do corpo onde as redeiras sofren molestias derivadas do traballo son a caluga e o pescozo, seguidas da zona lumbar, as mans e os pulsos, a parte alta das costas e os brazos e antebrazos. Isto prodúcese a consecuencia de catro factores que interveñen no seu traballo: o mantemento de posturas forzadas durante períodos prolongados de tempo- normalmente de pé ou sentada e coa espalda moi dobrada/curvada-, escasas pausas e descansos,



levantamento e transporte de cargas excesivas –aparellos-

e movementos repetitivos nas extremidades superiores. Son as catro variables que determinan a aparición de trastornos músculo-esqueléticos no colectivo das redeiras.

As redeiras que traballan sentadas, ben directamente sobre as redes, ben sobre distintos tipos de asentos permanecen durante horas co tronco inclinado cara adiante de xeito antinatural, formando ángulos que favorecen a aparición de lesións a distintas alturas da espalda.

Patoloxías asociadas ao posto de traballo




Gráfico 37

As redeiras sinalan ás lumbalxias como a principal patoloxía que padecen e asocian ao seu posto de traballo. A continuación apúntase, nesta orde, a artrose, o síndrome do túnel carpiano, as hernias discais, a reuma e a artrite. As causas polas cales aparecen estas patoloxías podémolas atopar principalmente nas posturas de traballo inaxeitadas mantidas durante períodos prolongados e nos movementos intensos e repetitivos das extremidades superiores. O elevado ritmo de traballo, derivado da escasa planificación a medio prazo, a case inexistencia de pausas e descansos durante a xornada laboral e a temperatura e humidade do lugar de traballo son outros factores que inciden na aparición destas patoloxías.



O alto nivel de atención requirido e mantido durante a xornada de traballo é relacionado polas redeiras con episodios de perda de visión e migrañas, frecuentes entre as persoas que desenvolven esta actividade.

En menor medida aparecen outros trastornos músculo-esqueléticos como a epicondilite e a epitrocleite asociados a movementos repetitivos e sobreesforzos das extremidades superiores.



Cabe sinalar, no caso das persoas que traballan á intemperie, a aparición de manchas na pel e globo ocular, e alerxias ao sol.

A aparición de alerxias, herpes e micose na mans, brazos e pes das redeiras está ligado á presenza de organismos e suciedade nas redes e aparellos, a rozaduras coas mesmas e á falta de limpeza e hixiene dos peiraos e lugares de traballo.

O estrés é mencionado como patoloxía asociada á estacionalidade do traballo, que provoca que o ritmo de traballo nalgúñas épocas do ano sexa moi intenso e noutras escaso ou inexistente.



5. NECESIDADES DE MELLORA

Necesidade de introducir melloras




Gráfico 38

Unha gran parte das redeiras galegas cre necesaria a implementación dalgún tipo de medida que mellore o seu posto de traballo.

Táboa 25. En caso afirmativo, que melloras introduciría?

	Frecuencia	Porcentaxe
Axudas mecánicas para levantamento e transporte de pesos	37	16,2
Dispor de instalación cubertas e acondicionadas	65	28,6
Poder organizar o traballo ao longo do ano	20	8,7
Mellorar as condicións salariais	46	20,2
Traballar menos horas diarias	3	1,4
Aplicar Ergonomía ao posto de traballo	17	7,5
Introducir recoñecementos médicos obrigatorios	3	1,4
Obtención de coeficientes reductores	4	1,7
Bonificacións fiscais e da Seguridade Social	3	1,4
Recoñecemento de enfermidades profesionais	14	6,1
Pago da Seguridade Social por parte do armador	4	1,7
Ter dereito a paro	5	2,2
Maior limpeza da zona de traballo	2	0,8
Roupa de traballo adecuada	4	1,7
Eliminar os cabos duros das volantas	1	0,4

A medida máis demandada por parte destas profesionais -28,8%- é a de poder dispoñer de instalacións cubertas e acondicionadas para desenvolver o seu traballo. A mellora das condicións salariais e a existencia de axudas mecánicas para o levantamento e transporte de pesos son as seguintes melloras en orde de preferencia.

Táboa 26. Outras cuestións a mellorar relacionadas co traballo

	Frecuencia	Porcentaxe
Cambio do sistema de cotización á Seguridade Social	2	4,5
Apoio institucional ao sector	15	33,3
Aumentar a cantidade de Traballo	2	4,5
Eliminar o intrusismo laboral	17	37,8
Menor estacionalidade no traballo	1	2,2
Aumento de salarios	1	2,2
Dignificación do traballo de redeiras	5	11,1
Introducción da profesión de redeiras no currículo da escola de oficios	1	2,2
Maior cooperación entre redeiras	1	2,2

Case un tercio do colectivo, comenta a necesidade de abordar determinadas cuestións en relación coa súa situación laboral. En concreto demandan, como outras melloras relativas ao seu traballo, a eliminación do intrusismo laboral, o apoio institucional e a dignificación da súa profesión, cuestións que, sin estar relacionadas directamente coa saúde laboral, si lles afectan á hora de desenvolver a súa actividade profesional

6. CONCLUSIÓN

Sobre as características da poboación activa do sector

- ✖ O traballo de reparación e montaxe de redes e aparellos, salvo no caso da especialidade do arrastre, é desenvolvido por mulleres. A idade media sitúase arredor dos cincuenta anos, e o nivel de estudos predominante é o de primarios.
- ✖ Obsérvase unha acusada falta de relevo xeracional: menos do 2% das traballadoras ten unha idade inferior a 30 anos.
- ✖ A media de anos traballados no sector é de 23 anos.
- ✖ Non existe unha formación específica común ás persoas que exercen a profesión. Na maioría das redeiras que teñen algún tipo de certificación trátase de cursos de formación ocupacional, non regrada.
- ✖ O subsector principal de traballo é o das artes menores, seguido do cerco, palangre, e, cunha representación ínfima, o arrastre.
- ✖ A maioría das redeiras non se cinguen exclusivamente a un tipo de aparello. Esta combinación é máis frecuente entre as persoas que se adican artes menores, onde o promedio de artes traballadas é de catro.
- ✖ Existe certa especialización territorial con respecto ás artes traballadas. As artes de cerco trabállase principalmente nos portos de Cangas, Cambados, Portosín, Malpica e Portonovo. O palangre destaca en Cedeira e Burela. As artes menores están representadas, en maior ou menor medida, en todos os portos visitados.
- ✖ O sistema de afiliación á Seguridade Social habitual é a adscrición ao Réxime Especial do Mar, como traballadoras por conta propia. Non é corrente a relación laboral redeira-armador.
- ✖ Os sistemas habituais de remuneración son por peza rematada ou anzol empatado –artes menores e palangre- e mediante salario –diario ou mensual, para o cerco-.
- ✖ Máis da metade das redeiras entrevistadas -59,8%- non acada o salario mínimo interprofesional, sen que exista diferenciación por portos, artes ou experiencia no sector.

Sobre as características dos lugares de traballo

- ✖ As redeiras realizan a súa actividade laboral en naves ou galpóns, no propio domicilio ou ao aire libre no peirao. Esta última opción é a máis habitual nas traballadoras do cerco.
- ✖ Durante os labores de reparación, a manipulación das redes de grande tamaño faise principalmente a man.
- ✖ Os lugares de traballo caracterízanse, en xeral, por presentar temperaturas inaxeitadas –frío no inverno e calor no verán-, alto nivel de humidade e aillamento térmico defectuoso.
- ✖ O nivel de ruído no posto de traballo é maioritariamente aceptable para as redeiras que traballan baixo teito, e presenta molestias para aquelas que realizan a súa actividade ao aire libre no peirao.

Sobre a carga de traballo

- ✖ O perfil tipo do posto de redeira, con respecto ao tempo de traballo, é o dunha persoa que traballa máis de nove meses ao ano, cinco días á semana, de sete a oito horas, en horario de xornada partida.
- ✖ As redeiras exercen un escaso control sobre a planificación da súa actividade a medio prazo, o que conleva a existencia de picos estacionais de carga de traballo.
- ✖ As posturas habituais de traballo para as redeiras son máis ou menos fixas, sentadas ou de pé.
- ✖ O traballo da reparación e montaxe de redes e aparellos caracterízase por presentar movementos contínuos e repetitivos en posturas estáticas, con escasez ou ausencia de pausas durante a xornada laboral e manipulación de cargas que normalmente superan os 25 Kg de peso.
- ✖ O nivel de atención requirido para o desempeño do traballo é considerado alto ou moi alto polas traballadoras, e monótono nunha porcentaxe significativa de casos.

Sobre a organización do traballo

- ✖ Os principais aspectos sobre os que as redeiras teñen certa capacidade de elección no seu posto de traballo son o ritmo e a duración e distribución das pausas, neste orden.
- ✖ A maioría das redeiras poden ausentarse do posto de traballo en caso de necesidade.
- ✖ A meirande parte das redeiras considera que as súas relacións coas compañeiras de traballo son satisfactorias.

Sobre a percepción da situación laboral e expectativas de futuro

- ✖ Existe unha clara percepción negativa entre o sector acerca da súa propia situación laboral. Como principais causas destacan a falta de apoio institucional ao sector, o intrusismo laboral, a diminución das expectativas de traballo e a merma dos ingresos.

Sobre os factores de risco asociados á actividade das redeiras

- ✖ Destaca o escaso uso de equipos de protección destinados a evitar sobreesforzos, como faixas lumbares e correas para os pulsos.
- ✖ O principal factor de risco asociado á actividade das redeiras son os sobreesforzos.
- ✖ As principais causas dos riscos de accidentes son os sobreesforzos, as posturas de traballo forzadas e o cansancio, neste orden.
- ✖ A maioría das redeiras considera que o traballo afecta á súa saúde.
- ✖ A maior parte das consultas médicas das redeiras ao longo do ano prodúcese por causas asociadas ao seu traballo.
- ✖ A maioría das redeiras non teñen formación en materia de seguridade e saúde laboral.

Sobre as doenzas e patoloxías asociadas á actividade das redeiras.

- ✖ As principais partes do corpo nas que as redeiras afirman padecer doenzas son a caluga e o pescozo, a zona lumbar e as mans e os pulsos, nesta orden.
- ✖ As patoloxías que as redeiras relacionan en maior medida co seu traballo son as lumbalxias, a artrose e o síndrome do túnel carpiano, nesta orden.

Sobre as necesidades de introducir melloras no posto de traballo das redeiras.

- ✖ A maior parte das redeiras galegas creen necesaria a implementación de algún tipo de medida que mellore o seu posto de traballo.
- ✖ As principais medidas de mellora sinaladas polas redeiras están relacionadas coa dotación de instalacións cubertas e acondicionadas, a mellora das condicións salariais e a existencia de axudas mecánicas para o levantamento e transporte de pesos, nesta orden.

- ✖ A eliminación do intrusismo laboral, o apoio institucional e a dignificación da súa profesión, aínda que non están relacionados directamente coa saúde laboral, son cuestións que as redeiras creen necesario abordar.

7. POSIBLES LIÑAS DE ACTUACIÓN

- ✖ Como posibles liñas de actuación que derivan do estudo de diagnose, en relación coa mellora das condicións de seguridade e saúde laboral do colectivo de redeiras propóñense as seguintes:
- ✖ Iniciar as xestións pertinentes para o recoñecemento de enfermidades profesionais do colectivo das redeiras no Cadro de Enfermidades Profesionais do sistema da Seguridade Social do Ministerio de Traballo e Inmigración.
- ✖ Dotar de instalacións a cuberto para o desenvolvemento da actividade das redeiras aos portos nos que non existan naves a tal efecto, e mellorar as instalacións existentes, en relación cos seguintes aspectos: dimensións –nalgúns casos, son demasiado reducidas para as cantidades e tamaño das redes que hai que manexar-, existencia de lavabos, illamento térmico, iluminación, mecanismos de tracción e elevación para o movemento e transporte de redes.
- ✖ Dotar aos portos de medios de transporte que favorezan o traslado das redes de grandes dimensións, como as do cerco, ás naves, para a súa reparación a cuberto.
- ✖ Formar ao colectivo en materia de seguridade e saúde no traballo.
- ✖ Potenciar o emprego de equipos de protección individual para evitar sobreesforzos, como faixas lumbares e correas para os pulsos.
- ✖ Iniciar estudos ergonómicos que posibiliten o deseño dun asento especialmente adaptado ás características do traballo das redeiras, para aquelas artes que se traballan sentadas.
- ✖ Deseñar e implementar programas de exercicios físicos especialmente adaptados a este colectivo, destinados a previr a aparición de trastornos músculo-esqueléticos.

8. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ✕ Consellería de Innovación e Industria, Xunta de Galicia, 2007. ***Estudo do mercado de traballo de persoas dedicadas á fabricación e reparación de redes para o sector pesqueiro.***
- ✕ Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, Xunta de Galicia, 2003. ***Estudio socioeconómico das redeiras/os en Galicia.***
- ✕ Instituto Nacional de Seguridad e Higiene en el Trabajo, Ministerio de Trabajo e Inmigración. ***Guía técnica para la evaluación y prevención de los riesgos relativos a la manipulación manual de cargas.***
- ✕ Instituto Nacional de Seguridad e Higiene en el Trabajo, Ministerio de Trabajo e Inmigración. ***VI Encuesta Nacional de Condiciones de Trabajo.***

Promove:



Financia:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
Dirección Xeral de Relacións Laborais

Coordina e executa:

